

PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL



CURSO 2023-2024

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

3. OBXECTIVOS E INDICADORES

4. PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN E DIFUSIÓN DO PLAN

1. INTRODUCCIÓN

A **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de educación, na redacción dada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, establece no seu artigo 124.5 que as administracións educativas regularán os requisitos e as funcións que debe desempeñar o coordinador ou a coordinadora de benestar e protección, que debe designarse en todos os centros educativos independentemente da súa titularidade.

A **Lei orgánica 8/2021**, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, dedica o capítulo IV do título III ao ámbito educativo. No artigo 35.1 refírese á obrigatoriedade de que todos os centros educativos onde cursen estudos persoas menores de idade, independentemente da súa titularidade, deben ter unha coordinadora ou un coordinador de benestar e protección do alumnado, que actuará baixo a supervisión da persoa que exerza a dirección ou a titularidade do centro. Así mesmo, no artigo 35.2 sinala que as administracións educativas competentes determinarán os requisitos e funcións que debe desempeñar a coordinadora ou o coordinador de benestar e protección e determinarán se estas funcións deben ser desempeñadas por persoal xa existente no centro escolar ou por novo persoal.

A **Lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa, sinala no seu artigo 10.1 que o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da lei e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

A **Estratexia galega de convivencia escolar 2025** recolle, dentro dunha das liñas de actuación, a mellora da coordinación do benestar e protección do alumnado sinalando que, a través da figura da persoa que exerza a dita coordinación nos centros educativos, se establecerán os mecanismos necesarios para unha maior coordinación en materia de educación emocional, de xeito que se converterá nun referente para apoiar o labor do profesorado ante posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

Atendendo a **Orde do 23 de agosto de 2023** pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros educativos de Galicia, as funcións da persoa coordinadora son as seguintes:

En coordinación co equipo directivo:

- Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.
- Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
- Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
- Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.
- Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.

- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.
- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

En coordinación co departamento de orientación:

- Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
- Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

En coordinación coas asociación de nais e pais:

- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

Ademais, dita orde establece que as funcións anteriormente mencionadas se reflexarán nun plan de traballo que formará parte do plan de convivencia do centro e, que a su vez concretarase anualmente na programación xeral anual a través de accións enfocadas ao logro dos obxectivos establecidos que se pretendan desenvolver no correspondente curso académico. Para cada unha das accións concretarase, como mínimo, a súa temporalización e os indicadores que permitan avaliar o nivel de logro acadado.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

O **CEIP Plurilingüe Párroco don Camilo** pertence ao concello de Vigo, ubicado na Ctra. Matamá-Pazo, 104 do barrio de San Andrés de Comesaña. Está situado no medio rural. Dispón de servizo de transporte escolar e servizo de comedor escolar con catering. Conta con ANPA que encárgase de xestionar as actividades extraescolares e servizos tales como aula matinal e comedor.

Este curso escolar conta con 124 alumnos e alumnas, distribuídos en 9 unidades:

- 1 unidade de 4º de Educación Infantil: 9
- 1 unidade de 5º de Educación Infantil: 7
- 1 unidade de 6º de Educación Infantil: 6
- 1 unidade de 1º de Educación Primaria: 20
- 1 unidade de 2º de Educación Primaria: 15
- 1 unidade de 3º de Educación Primaria: 17
- 1 unidade de 4º de Educación Primaria: 15
- 1 unidade de 5º de Educación Primaria: 12
- 1 unidade de 6º de Educación Primaria: 23

O noso alumnado é diverso, observando distintos intereses, motivacións, estilos de aprendizaxe, personalidades, expectativas ou condicións sociofamiliares, entre outros. Temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo derivadas de necesidades educativas especiais, trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, trastornos da atención e aprendizaxe ou por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O claustro está constituído por 6 mestras de E.P, 4 mestras de E.I, 4 especialistas a tempo completo (educación física, música, inglés pedagogía terapéutica) e 3 itinerantes (orientación, audición e linguaxe e relixión).

O centro participa na convocatoria dos CONTRATOS-PROGRAMA INCLÚE nas seguintes modalidades: IGUALÁ-T, CONVIVE-T, INCLUÉ-T E EMOCIÓNAT. Tamén nos CONTRATOS-PROGRAMA INNOVA coa modalidade de EDUsostibilidade. Outros programas nos que participa o centro son: Plan Proxecta+ no que se enmarca “O monte vivo” e o Plan de Formación Permanente do Profesorado, cos seguintes itinerarios: “Actuacións para a mellora do benestar do alumnado” e “O polo creativo para a mellora dos deseños curriculares”. Este curso comezamos unha nova andaina no programa de educación medioambiental “VOZ NATURA”.

As relación entre os distintos membros da comunidade educativa son positivas. En termos xerais, os conflitos entre o alumnado teñen a súa base nunhas escasas habilidades comunicativas así como nunha baixa autoestima.

A continuación presentamos os resultados da análise DAFO que realizamos para coñecer o punto de partida do noso centro educativo.

FORTALEZAS	DEBILIDADES
<ul style="list-style-type: none"> • Escasez de conflitos entre os membros da comunidade educativa. • Ratios reducidas na maioría das clases. • Participación do profesorado no PFPP. • Sensibilización do profesorado coa importancia do benestar do alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> • Pouca formación do profesorado en educación emocional. • Problemas de convivencia nos xogos de patio. • Alumnado con limitadas habilidades socioemocionais. • Escasa competencia en xestión de conflitos nos tempos de comedor e transporte.
OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none"> • As instalacións do centro: un recuncho chill out no patio, un horto, unha zona para sentarse a xogar no patio... • A biblioteca oferta xogos no recreo. • Colaboración da ANPA. 	<ul style="list-style-type: none"> • Dificultades na coordinación entre os servizos sanitarios e os centros educativos. • Baixa estabilidade laboral do persoal coidador de transporte. • Cambios do persoal ATE/coidador.

3. OBXECTIVOS

3.1. OBXECTIVO XERAL

O Obxectivo xeral deste plan é adquirir mecanismos prácticos de detección e intervención de problemas emocionais e desenvolver actuación de aula e de centro para a prevención e detección de problemas socioemocionais no alumnado.

3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

OBXECTIVO 1: implicar ao profesorado en acción formativas en relación a convivencia e benestar emocional do alumnado.

ACCIÓNS	INDICADORES	TEMPORALIZACIÓN
Ofertar dentro do PFPP a actividade formativa “Actuacións para a mellora do benestar do alumnado”. Realizar 2 sesións de formación impartidas por Rocío Álvarez.	Rexistro do número de participantes que realizan a formación. Grao de emprego da formación realizada.	Todo o curso
Posta en coñecemento da actualización da guía de benestar emocional.	Grao de difusión da guía de benestar emocional (CCP, web, aula virtual...)	1º Trimestre
Deixar unha copia na sala de profesorado da “Guía para o desenvolvemento do plan de benestar emocional” para a súa consulta.	Grao de satisfacción coa medida adoptada.	1º Trimestre

OBXECTIVO 2: Fomentar o bo clima de convivencia dentro e fóra das aulas

ACCIÓNS	INDICADORES	TEMPORALIZACIÓN
Realización de prácticas restaurativas pola orientadora nos cursos con alumnado en situación de vulnerabilidade educativa.	Grao de aceptación e valoración das aportacións de todo o alumnado.	Todo o curso
Asamblea das emocións en EI: Como te sentes? Por que te sentes así? Asamblea de resolución de conflitos: Expresión das emocións e necesidades de ambas partes (Non me gusta que fagas...).	Grao de validación das emocións. Número de rexistro das emocións. Validación das necesidades de ambas partes nun conflito.	Todo o curso
Actividades de expresión de sentimentos e emocións na área de proxecto competencial en 1ºP. Taller de emocións “O monstro de cores” na área de proxecto competencial en 2ºP.	Grao de validación de sentimentos e emocións. Rexistro das actividades elaboradas no taller “O monstro de cores”.	Todo o curso

<p>Elaboración dun emocionario na área de proxecto competencial nos cursos de 3º e 4º EP.</p>	<p>Rexistro das emocións traballadas para a elaboración do emocionario.</p>	
<p>Elaboración dun programa en habilidades para a vida na área de proxecto competencial en 5ºP</p>	<p>Rexistro de conciencia e regulación emocional, comunicación positiva e resolución de conflitos.</p>	<p>Todo o curso</p>
<p>Programa de habilidades comunicativas en 6ºP.</p>	<p>Rexistro das habilidades comunicativas (escucha activa, empatía...). Valoración por parte do profesorado que imparte a materia de proxecto competencial.</p>	
<p>Colaboración da mestra especialista en P.T no desevelopmento de actuacións inclusivas dentro da aula que favorezan a todo o grupo.</p>	<p>Rexistro do número de actuacións: estacións de aprendizaxe, xogos inclusivos...</p>	<p>Todo o curso</p>

OBXECTIVO 3: Dotar ao alumnado de estratexias para tomar conciencia das propias emocións e as alleas, desenvolvendo a habilidade para captar o clima emocional e de convivencia da aula.

ACCIÓNS	INDICADORES	TEMPORALIZACIÓN
Obradoiro de emocións impartido por Rocío Álvarez (Escola de emocións) nos cursos de 4º e 5º de EP	Validación das emocións por parte do alumnado e profesorado.	3º Trimestre
Creación dunha guía de libros da biblioteca para traballar as emocións.	Canles de difusión na comunidade educativa (Blog da biblioteca, páxina web...)	3º Trimestre
Obra de teatro “Hugo” (AFUNDACIÓN) que aborda o tema da diversidade, da convivencia e da beleza ser diferentes.	Grao de valoración do alumnado de 3º e 4º de EP.	2º Trimestre
Charla de sensibilización polo Día do Síndrome de Down na aula de 2ºP.	Grao de participación do alumnado de 2º EP.	2º Trimestre
Conmemoración do Día Internacional das Familias (15 de maio) na etapa de EI.	Grao de satisfacción do alumnado de EI.	3º Trimestre

<p>Emociónate cos cómics (5ºP). Creación de cómics na área de Lingua castelá e literatura coa temática do coidado do entorno para desenvolver emocións e sentimentos.</p>	<p>Valoración dos cómics elaborados polo alumnado.</p>	<p>3º Trimestre</p>
<p>Emotions(5ºP). Actividades na área de lingua estranxeira (inglés) de emocións: - Preguntas e respostas orais: How do you feel today? And How are you today? I feel Good, I feel hungry, I am sleepy... - Explicar unha emoción ao resto do alumnado. - Vídeos e cancións sobre emocións. - Adiviñar unha emoción ou sentimento con Flashcards.</p>	<p>Rexistro do traballo do alumnado.</p>	<p>2º Trimestre</p>

OBXECTIVO 4: Potenciar a autoestima do alumnado, validando as súas emocións e experiencias, dándolles autonomía e facendo críticas construtivas nas que se sinala o comportamento ou a tarefa sen facer referencia ás súas cualidades.

ACCIÓNS	INDICADORES	TEMPORALIZACIÓN
Obradoiro de teares e gancho como un espazo que promove o benestar emocional e mellora a autoestima.	Rexistro do número de participantes de 3º a 6º de EP. Exposición dos traballos realizados.	Todo o curso
Dinámicas de grupo impartidas por Rocío Álvarez (Escola de emocións) nos cursos de 4º e 5º de EP.	Grao de validación das emocións e experiencias do alumnado.	3º Trimestre
Actividade para traballar o autoconceito: “O que ves de min e o que non” (4ºP)	Rexistro do número de cualidades positivas e negativas.	1º Trimestre

OBXECTIVO 5: Implicar ás familias na mellora da convivencia no centro

ACCIÓNS	INDICADORES	TEMPORLIZACIÓN
Charlas e obradoiros dirixidos ás familias, coa axuda, da ANPA, en relación á convivencia e benestar emocional.	Rexistro do número de obradoiros realizados. Grao de implicación positiva das familias na vida do centro.	2º Trimestre
Obradoiro de elaboración de disfraces en 5º de EI	Rexistro do número de familias que participan no Obradoiro.	2º Trimestre
Difundir materiais para facilitar pautas e indicacións dirixidas a nais e pais, sobre promoción do benestar emocional: “Risco do uso de pantallas interactivas” e “Pautas educativas para o bo desenvolvemento da infancia” elaborados polo DO.	Rexistro do número e tipos de materiais recompilados e postos a disposición da comunidade educativa.	Todo o curso
Realización dun “Diario persoal do alumnado” coa colaboración das familias. Lectura dun conto en familia e reflexión sobre nós mesmos.	Rexistro no diario persoal da lectura do conto e a reflexión sobre nós mesmos.	Tercer Trimestre

Festival Fin de Curso. Actividade de conviencia na que as familias colaboran preparando o vestuario do alumnado.	Rexistro do número de familias colaboradoras.	3º Trimestre
---	--	--------------

OBXECTIVO 6: Desenvolver actividades formativas dirixidas ao alumnado para a prevención e concenciación dos riscos de seguridade que comportan as tecnoloxías da información e as comunicacións

ACCIÓNS	INDICADORES	TEMPORALIZACIÓN
Charlas “Plan Director” para a convivencia e mellora da seguridade nos centros educativos e as súas contornas, sobre temáticas relacionadas coa ciberseguridade, videoxogos e o perigo nas redes.	Participación e intervención na actividade do alumnado de 5º e 6º de EP	2º Trimestre
Sesións restaurativas impartidas pola orientadora, para a concenciación de riscos do consumo excesivo de internet e prevención do sexting.	Número de intervencións do alumnado de 6ºP.	2º Trimestre

OBXECTIVO 7: Desenvolver accións que impliquen a promoción da adopción de estilos de vida saudables e a adquisición de habilidades persoais, que eviten ou atrasen a idade do inicio de consumo de substancias adictivas ou outras adicións relacionadas coas novas tecnoloxías.

ACCIÓNS	INDICADORES	TEMPORALIZACIÓN
Programa de Prevención de Adicións do Concello de Vigo: Habilidades sociais. 2. Drogas. Conceptos básicos. 3. Tabaco e alcohol. 4. Redes sociais e videoxogos.	Participación do alumnado nas charlas do PLDA (Plan Local sobre drogodependencias e outras adicións), 6ºP	1º Trimestre

OBXECTIVO 8: Dotar de estratexias para a identificación e prevención dos abusos sexuais.

ACCIÓNS	INDICADORES	TEMPORALIZACIÓN
Talleres de KIKO impartidos pola orientadora e mestre de A.L en tódolos cursos de EI e EP.	Participación e intervención do alumnado na actividade. Rexistro do material elaborado polo alumnado nos talleres.	3º Trimestre

OBXECTIVO 9: Desenvolver actividades relacionadas coa educación afectivo-sexual.

ACCIÓNS	INDICADORES	TEMPORALIZACIÓN
Obradoiro impartido pola ANPA sobre “A educación afectivo-sexual” ao alumnado de EP	Grao de aprendizaxe do alumnado recollido despois dunha posta en común coa orientadora.	1º Trimestre
Posta en marcha do “Programa educativo sobre a adolescencia. Hixiene feminina Evax” centrado nos cambios físicos e emocionais durante a adolescencia, impartido polas titoras de 5º e 6ºP.	Rexistro do número de aportacións e validacións das emocións do alumnado de 5º e 6º EP.	2º Trimestre

OBXECTIVO 10: Valorar positivamente a importancia que ten o respecto das normas e sinais de tráfico.

ACCIÓNS	INDICADORES	TEMPORALIZACIÓN
Programa de Seguridade Viaria impartido pola policía local de Vigo.	Participación e intervención do alumnado de 5º e 6ºP na charla “Resiliencia e Seguridade Viaria”.	3º Trimestre
Sesións de Seguridade Viaria dentro da área de ciencias sociais en 4º P	Valoración da ficha de Seguridade Viaria realizada polo alumnado.	3º Trimestre

4. PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN E DIFUSIÓN DO PLAN

O presente Plan de Traballo terá unha temporalización anual, concretándose e modificando as accións do mesmo ao inicio de cada curso escolar, coa finalidade de adecuarse e adaptarse as necesidades cambiantes da nosa comunidade escolar.

Ao longo do curso farase un seguimento do Plan nas reunións semanais do DO e nas trimestrais da CCP para avaliar o proceso de implantación, así como o resultado das accións a desenvolver a as incidencias que poidan producirse para introducir as modificacións que se consideren necesarias.

Ademais, ao finalizar o curso avaliarase o logro dos obxectivos a través dos indicadores descritos no apartado anterior. Todo isto reflexarase nunha memoria anual que recollerá as actividades realizadas, o grao de logro de obxectivos e as propostas de mellora.

En canto aos instrumentos de avaliación destacamos:

- Rexistros de asistencia.
- Rexistros de actividades realizadas.
- Escalas de valoración do grao de satisfacción coas actividades.
- Cuestionarios.

Co que respecta a posta en coñecemento do presente Plan de Traballo entre a comunidade educativa, enviarase o mesmo por correo electrónico a todos os membros do equipo docente, para a súa lectura e posibles aportacións e suxestións.

A difusión do Plan de Traballo realizarase a través da páxina web ou aula virtual do centro.